

EXPEDIENTE: 2025/G010/000005

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 08/05/2025

TRÁMITE: CONVOCATORIA

DECRETO: 196/2025

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: mércores 14 de maio de 2025

Hora: 12:00

Lugar: Salón de Plenos

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA 2025

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar no Portal de Cargos Electos da Sede electrónica do Concello.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*